

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

CON 40 2017

POLICÍA LOCAL

INFORME DA POLICÍA LOCAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE O SUBMINISTRO DE PRENDAS DE UNIFORMIDADE PARA A POLICÍA LOCAL DE SANTIAGO 2017. LOTE A: PRENDAS DE CONFECCIÓN A MEDIDA. LOTE B: COMPLEMENTOS. LOTE C: CALZADO. LOTE D: PRENDAS DE AUGA.

Con relación ao subministro, esta xefatura ten a ben

INFORMAR:

Que vistas as mostras de prendas presentadas polas casas comerciais que acuden á licitación, agás o cobrepantalón, prenda que corresponde ao lote D: PRENDAS DE AUGA, ofertado pola empresa PACO GARCÍA, pódese apreciar que todas elas se axustan ao disposto no Decreto 60/2010 do 8 de abril polo que se desenvolve a lei 4/2007 do 20 de abril de coordinación das Policías Locais en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos, así coma á Orde do 22 de xullo de 2010 pola que se establece a descrición e características das distintas pezas de uniformidade dos corpos de Policía Local de Galicia en canto ao seu deseño e ademáis, pola súa aparencia, considérase que cumpren as condicións do prego do contrato tanto en canto os dossieres aportados polos licitantes referidos ás características das prendas se axusten ao subministro a realizar; se ben, con relación a algunha das mostras presentadas faise constar:

LOTE: A. PRENDAS DE CONFECCIÓN A MEDIDA

CAMISETA INTERIOR:

DANNER BOOTS presenta mostra de camiseta interior con manga longa, se ben no dossier de características da prenda a presenta e define como se solicita.


EL CORTE INGLÉS presenta mostra de camiseta interior con manga longa, se ben no dossier de características da prenda a presenta e define como se solicita.

CHAQUETA DE GALA:

DANNER BOOTS presenta mostra de chaqueta de gala con botóns sen o escudo de Galicia e só presenta un botón pequeno na manga, se ben no dossier de características da prenda a presenta e define como se solicita.

SUÉTER TIPO POLAR:

EL CORTE INGLÉS presenta mostra de suéter tipo polar sen logotipo policía pescozo, se ben no dossier de características da prenda a presenta e define como se solicita.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

CON 40 2017

POLICÍA LOCAL

SAIA TEA DE GALA:

EL CORTE INGLÉS non aporta mostra para valorar, se ben no dossier de características da prenda a presenta e define como se solicita.

LOTE D: PRENDAS DE AUGA

COBREPANTALÓN:

PACO GARCÍA non aporta cobrepantalón axustado á descrición de uniformidade do Decreto ao que se fai referencia.

O que se comunica para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2018

O inspector principal xefe accidental

José Manuel Traba Gesto

CONCELLO DE
SANTIAGO

**ROMÁN OTERO FERREIRO
XEFE DE SECCIÓN DE CONTRATACIÓN
NEGOCIADO DE CONTRATACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS
CONCELLO**